

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 23 de maio de 2025

-----oOo-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e tres de maio do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35236.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 16 de maio de 2025.

2.35237.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE CAMBADOS, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “ASFALTADO CAMIÑO DE FORNIÑOS (INV-144) CORVILLON” (EXPTE.2025020598)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.
- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024- Liña – Investimentos, dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.



- No marco do Plan + Provincia 2024 Liña 1 - Investimentos, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 4.33939 de data 21/06/2024, concedéuselle ao *Concello de Cambados* unha subvención por importe de 102.952,85 €, para financiar o investimento “RENOVACION DA CARPINTERIA EXTERIOR E TARIMA INTERIOR NO PAZO DE TORRADO” (exp.: 2024020223), cun orzamento polo importe de 102.952,85 €.
- En data 16/04/2025, mediante resolución presidencial núm. RP2025002952, trala petición formulada polo concello, acéptase a desistencia do *Concello de Cambados* á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento “RENOVACION DA CARPINTERIA EXTERIOR E TARIMA INTERIOR NO PAZO DE TORRADO” (exp.: 2024020223) deixando en dispoñible na aplicación orzamentaria 2025/942.9425.762.45.24 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 102.952,85 € para o financiamento dunha nova actuación que pretende acometer o *Concello*.
- Neste contexto, en data 31/03/2025 por rexistro WEB2025023828, o *Concello de Cambados*, presenta solicitude de subvención por cambio de finalidade, encadrada na liña 1 do Plan + Provincia 2024, por importe de 102.952,85 €, con destino ao financiamento da actuación “ASFALTADO CAMIÑO DE FORNIÑOS (INV-144) CORVILLON”, cun orzamento que importa 102.952,85 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2024	102.952,85	102.952,85	0,00	0,00

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, a autorización de Costas do Estado e a autorización do Instituto de Estudos do Territorio.
As devanditas autorizacións serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024- Liña – Investimentos que dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 01/04/2025 (referente ao proxecto con rexistro WEB2025023828 e CSV núm. ZPGPFBVMRHUJSYZ9) e da Xefa do Servizo de Cooperación de favorablemente a tramitación da concesión da subvención por cambio de aplicación, e o informe favorable da Intervención Provincial de data 07/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cambados* (CIF.:P3600600E), por cambio de finalidade, a cantidade de 102.952,85 euros, con destino ao financiamento do investimento “ASFALTADO CAMIÑO DE FORNIÑOS (INV-144) CORVILLON” (exp: 2025020598) cun orzamento que ascende a 102.952,85, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2024	102.952,85	102.952,85	-	-

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45.24 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, a autorización de Costas do Estado e a autorización do Instituto de Estudos do Territorio. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (disponíbles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, á Intervención e ao Gabinete da Presidencia.

3.35238.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NA RUA BERNARDO SAGASTA” (EXPTE.2025021636)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025025139, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Campo Lameiro* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 73.500,00 euros, co obxecto do financiamento da actuación “RECUPERACION DO ESPAZO PARA USO PEONIL NA RUA BERNARDO SAGASTA”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- As devanditas autorizacións, serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 12/05/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 12/05/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Campo Lameiro*, CIF: P36007000C, unha subvención por importe de 73.500,00 euros co obxecto do financiamento do investimento “RECUPERACION DO ESPAZO PARA USO PEONIL NA RUA BERNARDO SAGASTA” (exp: 2025021636)”, cuxo orzamento ascende a 73.500,00 euros.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Campo Lameiro*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



4.35239.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “MANTEMENTO, ROZAS E LIMPEZA REDE VIARIA” (EXPTE.2025020620)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm.3.8316, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2025.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 01/04/2025, con rexistro núm.WEB2025024220, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, petición do Concello de Cangas na que solicita unha subvención por importe de 140.000,00 euros, con destino ao financiamento de “*Mantemento, rozas e limpeza rede viaria*” (Expte.:2025020620), cun orzamento polo mesmo importe.
- O concello solicita o traspaso de 120.747,21 euros da liña 3-activación do emprego á liña 2.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 30/04/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 15/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF:P3600800A, a cantidade de 140.000,00 euros, con destino ao financiamento de “*Mantemento, rozas e limpeza rede viaria*” (Expte.2025020620), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cangas*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



5.35240.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “FESTAS DO CRISTO 2025” (EXPTE.2025020621)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm.3.8316, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2025.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 01/04/2025, con rexistro núm. WEB2025024222, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, petición do *Concello de Cangas* na que solicita unha subvención por importe de 80.000,00 euros, con destino ao financiamento de “*Festas do Cristo 2025*” (Expte.: 2025020621), cun orzamento polo mesmo importe.
- O concello solicita o traspaso de 120.747,21 euros da liña 3-activación do emprego á liña 2.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 30/04/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 15/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF:P3600800A, a cantidade de 80.000,00 euros, con destino ao financiamento de “*Festas do Cristo 2025*” (Expte.:2025020621), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizárase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cangas*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



6.35241.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORCAREI AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPARACIÓN E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE QUINTILLÁN Á RÚA MEAVIA” (EXPTE.2025019874)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 31/03/2025, mediante rexistro WEB2025023716, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de Forcarei* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 109.777,32 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Reparación e pavimentación do camiño de Quintillán á Rúa Meavia*”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
O importe do orzamento contempla 102.058,60 € de execución de contrata, IVE engadido e 7.718,72 € de honorarios técnicos (3.430,54 € redacción do proxecto, 3.430,54 € de dirección de obra e 857,64 € de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.
- O *Concello*, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso do importe que ascende a 75.033,21 € á Liña 1 Investmentos. Este importe corresponde á totalidade das cantidade asignadas ás Liñas 2 e 4 e ao sobrante da Liña 3.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.
Na data de presentación da solicitude de subvención o informe do redactor do proxecto, avalado polo técnico municipal contempla á necesidade de outorgamento das autorizacións sectoriais de: Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Consellería do Medio Rural, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e unha declaración responsable na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Zona Hidrográfica de Galicia Sur).
As devanditas autorizacións, a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto e a acta de trazado debidamente dilixenciada serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 01/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 02/04/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Forcarei* CIF P3601800J a cantidade de 109.777,32 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Reparación e pavimentación do camiño de Quintillán á Rúa Meavia*” (expediente: 2025019874), en base a un orzamento polo mesmo importe.
O importe do orzamento contempla 102.058,60 € de execución de contrata, IVE engadido e 7.718,72 € de honorarios técnicos (3.430,54 € redacción do proxecto, 3.430,54 € de dirección de obra e 857,64 € de coordinación de seguridade e saúde), IVE engadido.
- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Consellería do Medio Rural, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (Patrimonio Natural) e tamén do pronunciamento de Augas de Galicia sobre a declaración responsable presentada ante dito organismo, sendo imprescindible que o Concello as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica, así como, o certificado da resolución ou do acordo de aprobación do proxecto.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executadas a 31 de decembro de 2026 e xustificadas a 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Forcarei*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.35242.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O GROVE, AO ABEIRO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE LAMPÁNS)” (EXPTE. 2025003710)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrència non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de O Grove o importe que lle corresponde é de 143.144,63 €.
- En data 22/01/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. WEB2025004241) petición do Concello do Grove na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 143.144,63 euros con destino ao financiamento do investimento denominado “Acondicionamento do campo de fútbol de Lampáns” (Expte 2025003710), cun orzamento polo mesmo importe.
- En data 01/04/2025 e 05/05/2025 cos rexistros núm. WEB2025024099 e WEB2025032863, a entidade municipal remite asinado o convenio entre o concello e a Comunidade de Montes en Man Común da parroquia de San Vicente para a cesión do campo de fútbol de Lampáns por un período de 50 anos.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 27/01/2025.
- Así mesmo, o 06/05/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 06/05/2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do *Concello de O Grove* relativa ao financiamento do investimento denominado “*Acondicionamento do campo de fútbol de Lampás*” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 143.144,63 €.O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Grove*, CIF P3602200B, a cantidade de 143.144,63 €. con destino ao financiamento do investimento “*Acondicionamento do campo de fútbol de Lampás*” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento total de 143.144,63 €.
A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de O Grove*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



8.35243.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBMINISTRO DUN CAMIÓN COMPACTADOR PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS” (EXPTE. 2025018941)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 27/03/2025, mediante rexistro WEB2025022275, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do Concello de Mondariz na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 78.371,70 euros, co obxecto do financiamento do investimento “SUBMINISTRO DUN CAMIÓN COMPACTADOR PARA A RECOLLIDA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL” (expdte 2025018941), con base a unha memoria que ascende a 261.239,00 euros. O financiamento do investimento complétase coa axuda solicitada á Consellería de Presidencia, Xustiza de Deportes por importe de 182.867,30 euros.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 16/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 22/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Redondela* (CIF:P3604500C), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 143.945,36 euros co obxecto do financiamento do investimento “REURBANIZACIÓN DA RÚA DO PREGO DE MONTAOS EN VILAVELLA, REDONDELA” (expte.: 2025019797), cuxo orzamento ascende 143.945,36 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos proprios do Concello
143.945,36€	143.945,36€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado as autorizacións sectoriais da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a aceptación da declaración responsable por parte da entidade pública Augas de Galicia, así como o decreto ou o acordo de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Redondela*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.35250.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA Y ACONDICIONAMIENTO LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN Y URBANIZACIÓN DEL ESPACIO EXTERIOR” (EXPTE.2025018962)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 27/03/2025, mediante rexistro WEB2025022257, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Silleda* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 78.471,56 euros, co obxecto do financiamento do investimento “REFORMA Y ACONDICIONAMIENTO LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN Y URBANIZACIÓN DEL ESPACIO EXTERIOR”, cuxo orzamento ascende 78.471,56 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
78.471,56 €	78.471,56 €	0,00 €	0,00 €



O orzamento inclúe honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, por importe total de 9.438,00 euros.

En data 27/03/2025 WEB2025022257, o Concello emenda e completa a documentación achegada.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 24/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 24/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Silleda* (CIF:P3605200I), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investimentos, unha subvención por importe de 78.471,56 euros co obxecto do financiamento do investimento “REFORMA Y ACONDICIONAMIENTO LOCAL SOCIAL DE SAÍDRES DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN Y URBANIZACIÓN DEL ESPACIO EXTERIOR” (exp: 2025018962), cuxo orzamento ascende 78.471,56 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
78.471,56€	78.471,56€	0,00€	0,00€



O orzamento contempla honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 9.438,00 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Silleda*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

16.35251.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SOUTOMAIOR AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO O VAL - LOURIDO” (EXPTE.2025020507)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 31/03/2025, mediante rexistro WEB2025023788, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Soutomaior* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 169.964,63 euros, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO O VAL - LOURIDO”, cuxo orzamento ascende 169.964,63 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
169.964,63 €	169.964,63 €	0,00 €	0,00 €



O orzamento contempla honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 14.520,00 euros.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 01/04/2025, e da xefa do servizo de Cooperación de data 02/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/04/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Soutomaior* (CIF:P3605300G), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 169.964,63 euros co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL E PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO O VAL - LOURIDO” (exp: 2025020507), cuxo orzamento ascende 169.964,63 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
169.964,63€	169.964,63€	0,00€	0,00€



O orzamento contempla honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 14.520,00 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Soutomaior*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

17.35252.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MUÍÑOS DE CEA” (EXPTE.2025021327)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.

Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025024940, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, dunha petición do *Concello de Vilagarcía de Arousa* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 92.390,94 euros, co obxecto do financiamento do investimento “AMPLIACIÓN DE SANEAMENTO E ABASTECEMENTO NA RÚA MUÍÑOS DE CEA”, cuxo orzamento ascende 92.390,94 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
92.390,94 €	92.390,94 €	0,00 €	0,00 €



En datas posteriores, o Concello emenda e completa a documentación achegada.

Consta no expediente documento relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar; o Concello achega informe técnico sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia; consta no expediente dita autorización.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 25/04/2025 e da xefa do servizo de Cooperación de data 28/04/2025 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/05/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilagarcía de Arousa* (CIF:P3606000B), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 92.390,94 euros co obxecto do financiamento do investimento “AMPLIACIÓN DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA MUÍÑOS DE CEA” (expte: 2025021327), cuxo orzamento ascende 92.390,94 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
92.390,94€	92.390,94€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.35253.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P.1002 A MAGDALENA-ALDÁN, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+850 (CONCELLO DE CANGAS)”(EXPTE.2024057093)

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.-Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 1002 Magdalena- Aldán, que transcorre polo Concello de Cangas.

Resultando.- Que se trata dunha estrada de lonxitude total de 4,723 km que mantén en toda a súa lonxitude dobre sentido de circulación cun carril por cada sentido. Ao longo da mesma atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, con beiravías de escasa entidade, sen unha liña de peches definida e uniforme, e sen beirarrúas/sendas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa a execución destas obras, redactouse por D. Óscar Catoria Daquinta, técnico adscrito á empresa NOVOTEC, o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”, cun orzamento base de licitación de 1.334.076,05 €. A este proxecto asignóuselle o CSV: XL5Q0Y6P8R6RWJ48.

Resultando.- Que o proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Cangas, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil na estrada provincial EP-1002, entre os P.Q. 0+000 e 1+850.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 9 de agosto de 2024 aprobou o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850”. Con data 19 de agosto de 2024 formalizouse o devandito convenio coa sinatura das partes intervincentes.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Cangas mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Órgano	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.067.260,84 €	80
Concello de Cangas	266.815,21 €	20
TOTAL OBRAS	1.334.076,05 €	100

Resultando.- Que tamén recolle o convenio que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”, xuntando o proxecto anteriormente referido.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 04/04/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”, redactado por D. Óscar Catoria Daquinta, técnico adscrito á empresa NOVOTEC, cun orzamento base de licitación de 1.334.076,05 €. A este proxecto asignóuselle o CSV: XL5Q0Y6P8R6RWJ48.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que consta no expediente con CVS: NKJAXSXV8GGYBTJI informe do Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos art. 122 da LCSP e 67 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, informándose o expediente de xeito favorable...*”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: ABO01NIYFW92LYET, no que se recolle o seguinte: “...*Debe terse en conta o condicionante establecido na autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia relativo á necesidade de realizar un control arqueolóxico previo. Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.* CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*” cun orzamento base de licitación de 1.334.076,05 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:
Importe..... 1.102.542,19 €
IVE (21%)..... 231.533,86 €
Importe Total..... 1.334.076,05 €
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): O52WL6GABIE0BBMC, e de prescricións técnicas con código (CSV) XL5Q0Y6P8R6RWJ48, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 1.334.076,05 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 25/456.4530.612.01.2023 e 25/456.4530.612.01.2024 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

19.35254.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO SERVIZO DE MANTEMENTO E O SOPORTE, ASÍ COMO DE ASISTENCIA E APOIO Á EXPLOTACIÓN DO SISTEMA INTEGRAL DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA DEPUTACIÓN (SIT GTT) (EXPTE.2025001716)

De conformidade co establecido no art. 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece as competencias propias da Deputación ademais das que lle atribúan as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, a “asistencia na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo, e os de servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes” así como a “asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión”. O ORAL desta Deputación é quen ten asinadas as funcións de exercer as competencias delegadas dos Concellos que o fixeran de conformidade co establecido na citada normativa legal.



Por medio da utilización do SIT-GTT, os distintos servizos do ORAL obteñen unha imprescindible axuda e optimización dos recursos, mellorando de paso aspectos como a produtividade persoal, simplificación dos procedementos, optimizándoos e logrando en xeral unha mellor operativa da organización.

O vixente contrato de servizo de mantemento e asistencia e apoio á explotación (2020018532) finalizou os seus efectos o 8 de marzo de 2025, sen posibilidade de prórroga.

Co fin de continuar dando soporte ás necesidades do persoal usuario deste aplicativo, requírese a contratación dun servizo de mantemento que permita resolver calquera incidencia que afecte ao seu normal funcionamento así como a mellora continua do produto. Así mesmo, resulta imprescindible tamén contratar o servizo de asistencia e apoio para a xestión de incidencias e cuestións que puideran producirse respecto á utilización do SIT, así como a actualización do produto con novas versións co fin de dar cumprimento á normativa legal e regulamentaria vixente.

O SIT-GTT é unha aplicación cuxa licenza explotan varias Deputacións provinciais e concellos e unha das súas características é que só existe unha única versión, polo que o mantemento da aplicación unicamente o pode realizar a propia empresa Gestión Tributaria Territorial, S.A.

O ORAL non ten a disposición plena persoal informático suficiente que permita a elaboración e mantemento dun programa propio de características semellantes a curto prazo. O apoio do Servizo de Novas tecnoloxías é compartido co resto dos servizos da Deputación o que limita a súa capacidade para abordar un proxecto de tal envergadura.

No relativo á existencia de programas de titularidade doutras administracións ou de software libre que puideran satisfacer as necesidades deste servizo, estes non serían de implantación inmediata, e suporía unha diminución dos servizos que actualmente se veñen prestando aos entes delegantes e ás persoas contribuíntes.

O desenvolvemento e posta en funcionamento dun programa informático integral de xestión con conexión á contabilidade da Deputación e con información para as distintas contabilidades municipais, ao que habería que engadir a implantación do mesmo nunha organización de máis de 150 traballadores, é un proceso moi complexo, que esixe dun prazo temporal non inferior a dous anos e que demandaría en todo caso un período de transición no que coexistan ambas aplicacións o que implicaría duplicar esforzos e recursos.

Polo tanto, para poder prestar estes servizos de mantemento e explotación, é indispensable dispoñer dun coñecemento en profundidade dos parámetros técnicos que dispón a aplicación informática, xa que se deben resolver todas aquelas incidencias tanto técnicas como legais que formulen os usuarios, sendo impensable que empresas informáticas alleas ao propio aplicativo poidan extraer a información que se solicita e dar solución ás múltiples incidencias que xorden diariamente cos parámetros mínimos de calidade que se esixen.



O Deputado delegado de Xestión tributaria, patrimonio, formación e emerxencias xunto co Tesoureiro da Deputación, propón mediante informe de data 17-03-2025, a contratación dun servizo de mantemento e soporte, así como de asistencia e apoio á explotación dos sistema integral de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra, coa empresa Gestión Tributaria Territorial S.A. que ostenta en exclusiva os dereitos dimanantes de su condición de titular, por procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade.

O contrato proposto ten un prazo de duración de 2 anos desde a data de formalización, con posibilidade de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

O contrato ten un orzamento de licitación de 764.075,22 euros para 2 anos, con cargo á aplicación orzamentaria 25/932.9320.227.23. Os importes correspondentes ás anualidades 2026 e 2027 quedarán condicionados á aprobación de ditos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias correspondentes.

Tendo en conta que, con data 15/05/2025, (csvESFNGC4GEPY30MBV) o xefe do servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 23-03-2025 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

O secretario xeral, con data 3-04-2025 informa favorablemente o expediente co csv 4WDFDB2WK6F99DY9.

Visto que con data 3-04-2025, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 15-05-2025 co csv CAIUEP4C3ALXIX45.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do Servizo de mantemento e o soporte, así como de asistencia e apoio á explotación do sistema integral de xestión tributaria da Deputación de Pontevedra.

O prazo de duración é de 2 anos a contar desde a data de formalización do contrato.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 764.075,22 euros, de acordo con seguinte detalle:

Importe máximo do contrato (2 anos)	
1. Servizo de mantemento e o soporte (2 anos)	427.994,40 €
2. Servizo de asistencia e apoio á explotación (2 anos)	203.472,72 €
Orzamento base contrato (sen IVE)	631.467,12 €
IVE (21%)	132.608,10 €
Orzamento máximo con IVE	764.075,22 €

O valor estimado é de 1.276.134,24 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: 3HXS8T8TH983B2JD) e de prescricións técnicas (csv:HOELTZT7FC0XN12F) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 764.075,22 € a financiar de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)	Importe total (co IVE)
2025 (7 meses)	25/932.9320.227.23	Mantemento e soporte	151.046,36€
		Asistencia e apoio á explotación	71.808,91€
2026 (12 meses)	26/932.9320.227.23	Mantemento e soporte	258.936,61€
		Asistencia e apoio á explotación	123.101,00€
2027 (5 meses)	27/932.9320.227.23	Mantemento e soporte	107.890,25€
		Asistencia e apoio á explotación	51.292,08€



Os importes correspondentes ás anualidades 2026 e 2027 quedarán condicionadas a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

A distribución por anualidades poderá sufrir variacións en función da data de formalización.

4.- Nomear responsable do contrato O Tesoureiro da Deputación de Pontevedra.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Gestión Tributaria Territorial S.A. (A81957367) invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

20.35255.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ESPECÍFICO PARA O TRANSPORTE DE OBRAS E MONTAXE DA BIENAL DE PONTEVEDRA NO MARCO DA CATEGORÍA I DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR O SERVIZO DE TRANSPORTE DE OBRAS DE ARTE DO MUSEO DE PONTEVEDRA (EXPTE.2025025292)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2024, acordou aprobar o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición para o Servizo de transporte de obras de arte do Museo de Pontevedra (Expte. 2024057103).

Con data 24/04/2025, o Vicepresidente dita providencia pola que se propón iniciar a licitación do contrato específico de “transporte de obras e montaxe da Bienal de Pontevedra”, no marco da categoría I do sistema dinámico de adquisición para contratar o Servizo de transporte de obras de arte do Museo de Pontevedra, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender as demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Por acordo da Xunta de Goberno número 29.35169 de data 02/05/2025 convidouse ás empresas admitidas na categoría I deste sistema dinámico de adquisición, a presentar oferta na licitación deste contrato específico no prazo máximo de 10 días naturais contados a partir da data de envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público. Dita invitación foi realizado en data 05/05/2025, sendo o resultado o seguinte:

EMPRESAS INVITADAS (Categoría I)	PRESENTA OFERTA	PREZO OFERTADO (SEN IVE)	TEMERARIA	PUNTUACIÓN
Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L. (NIF: B70040597)	SÍ	449.000,00 €	NON	0,000
Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)	SÍ	448.800,00 €	NON	0,267

Tendo en conta o disposto no apartado 6 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares polo que se rexe este sistema dinámico *a Deputación adxudicará o contrato específico ao licitador que presentase a mellor oferta, de acordo cos criterios de adxudicación formulados na invitación.*



Resultando que en data 19/05/2025 pola Intervención infórmase favorablemente o expediente indicando que na aplicación 25/333.3340.223.00 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto e sinalando que *“no expediente figuran os custos de transporte das obras en función do territorio onde permanecen na actualidade, e os de a súa posterior devolución, sen cuantificar en función das obras a transportar que figuran detalladamente no PPT, polo que resulta difícil avaliar os custos unitarios de cada unha delas. Dita circunstancia tamén afecta a traballos de montaxe e desmontaxe das obras, e mais en concreto aos audiovisuais das obras que o precisan”*.

Considerando que os contratos específicos que se adxudiquen no marco do sistema dinámico de adquisición perfecciónanse coa súa adxudicación, non precisando formalización.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar á empresa, Feltro División Arte S.L. (NIF: B37407004) o contrato específico (categoría I) de Transporte de obras e Montaxe da Bial de Pontevedra, conforme ao seguinte detalle:

Importe sen o IVE:	448.800,00 €
IVE (21 %):	94.248,00 €
Importe total ofertado:	543.048,00 €

O prazo de execución do contrato é de 6 meses desde a notificación da adxudicación.

2.- Dispoñer e comprometer o gasto por importe de 543.048,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 333.3341.223.00 Transporte (Proxecto de gasto Bial de Arte 24_0019) do vixente orzamento provincial.
Forma de pagamento: PARCIAL

A facturación da prestación do servizo que se contrata efectuarase unha vez sexan realizados os traballos contratados e de acordo ós seguintes fitos:

- 50% do prezo do contrato, unha vez inaugurada a exposición.
- 50% do prezo do contrato, unha vez rematada a exposición e realizados todos os traballos correspondentes á dispersión das obras e desmontaxe.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2025025292		
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

3.- Requirir á empresa Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004) a constitución da garantía definitiva correspondente ó presente contrato específico por importe de 22.440,00. Dita garantía deberá ser constituída no prazo de 10 días desde que a empresa reciba este acordo. A adxudicación quedará condicionada á constitución da garantía. No caso de que non se constituía excluirase automaticamente ao licitador pasando a adxudicación ao seguinte clasificado.

21.35256.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DOS CONTRATOS FORMALIZADOS COAS EMPRESAS ADXUDICATARIAS DOS LOTES CORRESPONDENTES Á SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE. (EXPTE.2022058142)

Na sesión ordinaria do día 19 de maio de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou, por lotes, o contrato que rexe a subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe ás seguintes empresas e de acordo cos prezos e valores reflexados no citado acordo:

- Lote 1 (Produtos de almacén e despensa): Casa Pepe Vigo, SL (NIF: B36743714)
- Lote 2 (Produtos lácteos): Miguel Ángel Ventín Portasany, (NIF: 35300222Y)
- Lote 3 (Produtos conxelados): Elmar Frozen Food SLU (NIF: B27849421).
- Lote 4 (Produtos cárnicos e embutidos): Miguel Ángel Ventín Portasany, (NIF: 35300222Y)
- Lote 5 (Froitas e verduras): Frutas Nieves SL (NIF: B36628196)
- Lote 6 (Produtos de pastelería e panadaría): Industrias de Panificación Campelos do Coto, S.L. (NIF: B36438083)

Os contratos de cada un dos lotes formalizáronse en documentos administrativos de data 20 de xuño do 2023 para os lotes 1, 2, 4, 5 e 6 e de data 22 de xuño de 2023 para o lote 3; sendo o prazo de duración dun ano desde o 01 de xullo de 2023, e establecéndose a posibilidade de dúas prórrogas dunha anualidade de duración cada unha.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, mediante acordo adoptado na sesión ordinaria de data 03 de maio de 2024, a primeira modificación do contrato de subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe, relativo a contratación de unidades adicionais do lote 5.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, mediante acordo adoptado na sesión ordinaria de data 07 de xuño de 2024, a primeira prórroga deste contrato.



Con data 15 de abril de 2025, a xefa de xestión administrativa do Centro Príncipe Felipe, coa conformidade da deputada delegada, emite informes para o lote 1, 2, 3, 4, 5 e 6 (CSV: CZXZ2LKLO4YHLQML, CTSWXYGD03KLC5HM, CZDOAM1B33OSHM1F, CHNC6LBGV4B516C0, CN84JAWHEY3GD6NWT e CKJCN40HB7I4N28G; respectivamente), nos que se solicita prorrogar os lotes do devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 01 de xullo do 2025 ata o 30 de xuño do 2026.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga dos lotes 1, 2, 3, 4, 5 e 6 do contrato en data 03 de abril de 2025, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 25 de abril do 2025, a Intervención emitiu informe sobre a existencia de crédito para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da segunda prórroga dos 6 lotes do contrato de *“Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe”*.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 14 de maio do 2025 (CSV: 9J5T6NE1BTRD76IL), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga de todos os lotes do contrato de Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe por un ano, desde o 01 de xullo do 2025 ata o 30 de xuño do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xullo do 2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar a segunda prórroga dos lotes do contrato para a *“Subministración de produtos de alimentación para o Centro Príncipe Felipe”* subscrito para o lote 1 coa empresa Casa Pepe Vigo, SL (NIF: B36743714), para o lote 2 e 4 co empresario Miguel Ángel Ventín Portasany (NIF: 35300222Y), para o lote 3 coa empresa Elmar Frozen Food SLU (NIF: B27849421), para o lote 5 coa empresa Frutas Nieves SL (NIF: B36628196) e para o lote 6 coa empresa Industrias de Panificación Campelos do Coto, S.L. (NIF: B36438083), durante o período do 01 de xullo do 2025 ata o 30 de xuño do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Lote	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
Lote 1.- Produtos de Almacén e despensa	2025 (6 meses)	25/232.2312.221.05	58.182,05 €
	2026 (6 meses)	26/232.2312.221.05	58.182,05 €
Lote 2.- Produtos Lácteos	2025 (6 meses)	25/232.2312.221.05	11.538,05 €
	2026 (6 meses)	26/232.2312.221.05	11.538,05 €
Lote 3.-Produtos Conxelados	2025 (6 meses)	25/232.2312.221.05	36.393,51 €
	2026 (6 meses)	26/232.2312.221.05	36.393,51 €
Lote 4.- Produtos cárnicos e embutidos	2025 (6 meses)	25/232.2312.221.05	58.652,16 €
	2026 (6 meses)	26/232.2312.221.05	58.652,16 €
Lote 5.- Froitas e Verduras	2025 (6 meses)	25/232.2312.221.05	24.730,80 €
	2026 (6 meses)	26/232.2312.221.05	24.730,80 €
Lote 6.- Produtos de pastelería e panadería	2025 (6 meses)	25/232.2312.221.05	19.493,40 €
	2026 (6 meses)	26/232.2312.221.05	19.493,40 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2026 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

22.35257.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO ROSAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) (EXPTE.2025006216)

ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.



Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 28 de febreiro de 2025, punto núm. 18.34861, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrancia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

No caso do Concello do Rosal, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DO ROSAL					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	3 peóns de limpeza viaria e 1 auxiliar de axuda no fogar a xornada completa durante 9 meses; 3 oficiais de obras a xornada completa durante 8 meses e 1 oficial electricista a xornada completa durante 6 meses	128.594,97 €	125.612,43 €	3.405,21 €	125.189,76 €

O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025029495, do 23/04/2025, solicita modificar o acordo de concesión da subvención motivado pola necesidade de axustar a duración dos contratos de dous peóns de limpeza viaria e roza forestal.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.



CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de axustar a duración dos contratos de dous postos de peóns de limpeza viaria e roza forestal, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión modificando o importe do orzamento e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DO ROSAL					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
8	1 peón de limpeza viaria e roza forestal e 1 auxiliar de axuda no fogar a xornada completa durante 9 meses; 2 peóns de limpeza viaria e roza forestal a xornada completa durante 8 meses e 20 días; 3 oficiais de obras a xornada completa durante 8 meses e 1 oficial electricista a xornada completa durante 6 meses	127.426,43 €	124.464,79 €	2.961,64 €	124.464,79 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 28 de febreiro de 2025, punto núm. 18.34861, no referente á subvención concedida ó Concello do Rosal, CIF núm. P3604800G, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Rosal, O (P3604800G)	8	1 peón de limpeza viaria e roza forestal e 1 auxiliar de axuda no fogar a xornada completa durante 9 meses; 2 peóns de limpeza viaria e roza forestal a xornada completa durante 8 meses e 20 días; 3 oficiais de obras a xornada completa durante 8 meses e 1 oficial electricista a xornada completa durante 6 meses	124.464,79 €



RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: LCC7GH7FW5LL64GP) e da dilixencia de Intervención (CSV:50Y4UZ4B6G2S6CHK) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 28 de febreiro de 2025, punto núm. 18.34861, no referente á subvención concedida ó Concello do Rosal, CIF núm. P3604800G, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Rosal, O (P3604800G)	8	1 peón de limpeza viaria e roza forestal e 1 auxiliar de axuda no fogar a xornada completa durante 9 meses; 2 peóns de limpeza viaria e roza forestal a xornada completa durante 8 meses e 20 días; 3 oficiais de obras a xornada completa durante 8 meses e 1 oficial electricista a xornada completa durante 6 meses	124.464,79 €

2. O concello solicita que o importe resultante da minoración da subvención, que ascende a 724,97 euros, de destine á liña 1-investmentos.
3. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

23.35258.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
(EXPTES.2025030412, 2025031327 E 2025030069) (TESOURERÍA)

a) Vista a relación de operacións con número 2025030412 (CSV: 9B3ORFC44ZTCZJB7), que contén 9 operacións por un importe de 28.700,57 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	28.670,21€
IVE soportable deducible	30,36€
Retencións	0,00 €
Total líquido	28.700,57€



b) Vista a relación de operacións con número 2025031327 (CSV: 6VICIZ26I9CHXNSZ), que contén 2 operacións por un importe de 15,86 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	15,86€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	15,86€

c) Vista a relación de operacións con número 2025030069 (CSV: 9L6MGCQGNTCFGFD1), que contén 1 operación por un importe de 907,50€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	907,50€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	907,50€


24.35259.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NA E.P. 3103 NO CONCELLO DE TOMIÑO (EXPTE.2024038996)

Dada conta que con data de rexistro 31/05/2024 (rex. núm. 2024009161) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de D. Héctor García Gómez (S/REF. FE 2024/35 – 2024 40000715), por danos en vehículo producidos a consecuencia da caída dunha árbore sobre o mesmo cando circulaba pola estrada provincial E.P. 3103 de Cristelos a Burgueira, no Concello de Tomiño, o día 17/01/2024, e que cuantificou economicamente 2.839,42 euros.

Resultando.- Que con data 17/09/2024 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 04/11/2024, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O punto do accidente localízase no p.q.2+428 da EP-31003, estrada pertencente á rede de estradas provinciais.





SEGUNDO.- O accidente foi por choque cunha árbore que caeu na calzada xusto antes do paso do vehículo, que non puido evitar bater contra ela, segundo explica o atestado da Garda Civil.

O pavimento estaba mollado, era de día pero a zona estaba afectada por un forte temporal de vento e choiva.

TERCEIRO.- Ese día a brigada estaba a facer labores de vixilancia e mantemento da vialidade, incluíndo a retirada de arrastres, maleza, ramas, árbores en calzada e restos do temporal, en todo o sector de conservación, debido ó temporal de choiva e vento. Foi a brigada da zona a que acudiu a retirar a árbore a á limpeza da calzada. A árbore estaba san e verde. A brigada tardou en aparecer no lugar uns 15 minutos, xa que se atopaban traballando nas inmediacións.

CUARTO.- Non hai constancia de outros accidentes similares acontecidos no lugar en datas anteriores ou posteriores.



QUINTO.- A última revisión rutineira da vía antes de producirse o accidente FOI O DÍA ANTERIOR, non detectándose ningunha incidencia.

SEXTO.- No atestado da Garda Civil indican que o pé da árbore caída se localizaba a 4,60 ml da liña do borde da calzada, polo que se localizaba fóra do dominio público viario.

Como se pode ver na fotografía de Google, anterior á data do sinistro, o dominio público viario está despexado de arborado, e as plantacións que hai son de predios particulares.

A parcela na que se localizan os piñeiros existentes a esa distancia figura no catastro cos seguintes datos:



GOBIERNO DE ESPAÑA
VICERREINADO
PRIMERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO DE HACIENDA
DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO

**CERTIFICACIÓN CATASTRAL
DESCRIPTIVA Y GRÁFICA**

Referencia catastral: 36054A002D04680000EK

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

Localización: LG VILACHAN MONTE-BARRANTES Polígono 2 Parcela 466 MOURENTAN. 36749 TOMIÑO (PONTEVEDRA)

Clase: Rústico
Uso principal: Agrario

Valor catastral: [2024]: 17.238,34 €
Valor catastral suelo: 17.238,34 €
Valor catastral construcción: 0,00 €

Titularidad:


Apellidos Nombre / Razón social	NIF/NIE	Derecho	Domicilio
JUNTA VECINAL DE MONTES EN MANO COMUN PARROQUIA DE BARRANTES-T	V36110377	100,00% de propiedad	CL MOSTEIRO - BARRANTES 46 PLA 36749 TOMIÑO (PONTEVEDRA)

Cultivo

Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	IP	Superficie m ²	Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	IP	Superficie m ²
6	Md Pinar moderado	02	225.660				

PARCELA CATASTRAL

Superficie gráfica: 225.660 m² Parcela, a efectos catastrales, con inmuebles de distinta clase [urbano y rústico]



Este certificado refleja los datos incorporados a la Base de Datos del Catastro. Solo podrá utilizarse para el ejercicio de las competencias del solicitante.
Solicitante: DEPUTACIÓN PROVINCIAL PONTEVEDRA - INFRAESTRUCTURAS
Finalidad: Expediente
Fecha de emisión: 31/10/2024

Documento firmado por CSIV y sellado de la Dirección General del Catastro
CSIV: 8367N078M71Z7NM (verificable en <https://www.sede.mh.es/verif>) | Fecha de firma: 31/10/2024

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 22/11/2024, e de conformidade co establecido no artigo 4.1 letra c) da Lei 39/2015 e 76.1 da mesma Lei, emprazouse como interesada no procedemento á Xunta Veciñal de Montes en Man Común Parroquia de Barrantes -T, propietaria da parcela da que proviña a árbore segundo a certificación catastral, para que, á vista da reclamación efectuada e do contido do informe do Servizo de Infraestruturas, puideran alegar o que ao seu dereito conviñera.



Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2024009074 de data 26/11/2024, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por atoparse, naquel intre, pendente das alegacións da citada Xunta Veciñal, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que con data 03/12/2024, recíbese escrito de D. Jaime Fernández Vicente en representación da Xunta Veciñal de Montes en Man Común Parroquia de Barrantes, no que manifesta o seguinte:

Primeiro.- Que coas probas facilitadas non nos facemos responsables dos danos ocasionados, pero envíase a reclamación á cía. de seguros que asegura a RC da Comunidade para que se pronuncie ao respecto.

Segundo.- Nos documentos que se envían non se aporta o atestado da Garda Civil onde se indique se a árbore cae na estrada ou se pola contra o fai a 4,60 m da calzada, se o vehículo perde o control sen colisionar coa árbore ou se existe un exceso de velocidade, etc.

Resultando.- Que con data 04/12/2024, a medio de correo electrónico, remítese a D. Jaime Fernández Vicente o atestado e o resto da documentación obrante no expediente, sen obterse resposta ao mesmo, polo que na data 17/03/2025 reiterouse o emprazamento como posible interesado para que no prazo de cinco días puidera facer as alegacións que estimara convenientes.

Resultando.- Que con data 22/03/2025, recíbese escrito no que manifesta o que sigue:

Temos comunicado a incidencia á compañía de seguros Allianz, ca cal temos contratado a Póliza de Responsabilidade Civil que cubre estos eventos. Esta compañía abreu o Expediente N° 647534230, neste momento estamos á espera de que a compañía nos responda considerándonos responsables ou non.

Resultando.- Téndose presentado demanda na data 11/04/2025 pola representación procesual de D. Héctor García Gómez ante o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, con data 06/05/2025, e coa finalidade de garantir seu dereito de defensa como posible interesado no procedemento, reiterouse o emprazamento á Xunta Veciñal de Montes en Man Común Parroquia de Barrantes – T, contestando na data 09/05/2025 o seguinte:

“En relación á Reiteración de emprazamento como interesado por danos en vehículo no Expediente 2024038996, temos comunicado a incidencia á compañía de seguros Allianz, ca cal temos contratado a Póliza de Responsabilidade Civil que cubre estos eventos. A compañía nos indica que neste momento encontrase en comunicación coa compañía do interesado”.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no relativo ó prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión do informe e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa (non así a pasiva, xa que a árbore non se atopaba en zona de dominio público) e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- A zona estaba afectada por un forte temporal de vento e choiva.
- Por este motivo, a brigada estaba a facer labores de vixilancia e mantemento da vialidade, incluíndo a retirada de arrastres, maleza, ramas, árbores na calzada e restos do temporal, en todo o sector de conservación, debido ó temporal de choiva e vento.
- Foi a brigada da zona a que acudiu a retirar a árbore e limpar a calzada, tardando en chegar ó lugar, tras o aviso, uns 15 minutos, xa que se atopaban traballando nas inmediacións.
- A árbore estaba san e verde.
- As árbores estaban situadas en dominio privado, fóra do dominio público viario e a unha distancia considerable deste, polo tanto a titularidade do terreo onde se encontraban non pertence á Deputación Provincial de Pontevedra.
- Non se produciron mais accidentes pola mesma causa nese lugar.
- A última revisión rutineira da vía antes de producirse o accidente foi o día anterior, sen que fora detectada ningunha incidencia.
- No atestado da Garda Civil indican que o pé da árbore caída se localizaba a 4,60 ml da liña do borde da calzada, polo que se localizaba fóra do dominio público viario.
- O dominio público viario está despexado de arborado, e as plantacións que hai son de predios particulares.

Considerando.- Que polos argumentos esgrimidos no anterior considerando, o accidente sería imputable a un SUPOSTO DE FORZA MAIOR, caracterizado doutrinalmente polos elementos de externalidade e irresistibilidade en síntese de imprevisibilidade e inevitabilidade, ó que é alleo esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detención material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos, pois é sabido que existe un estándar medio de risco predicable de calquera actividade humana ó que non é allea a condución de vehículos a motor.



Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada tardou uns 15 minutos en chegar ó lugar do accidente para proceder á retirada da árbore e limpeza da vía, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estableceu un criterio restritivo sobre este tipo de reclamacións (colisións por obxectos ou substancias na calzada), entre outras moitas, nas súas sentenzas de 21 de decembro do 2011 (rec. 7109/2011) e 27 de outubro do 2011 (rec. 4134/2010), nas que se insiste en que:

“La razón determinante del accidente fue una circunstancia ajena al obrar de la Administración con causa en actos ajenos, que nada tiene que ver con el funcionamiento de un servicio público, sin que la obligación de mantener la calzada limpia de objetos extraños sea absoluta, sino en relación a estándares mínimos y no consta acreditado una ausencia o defecto de mantenimiento, siendo la circulación de vehículos una actividad de riesgo que exige una atención en los conductores que les permita observar un elemento obstaculizador perfectamente visible”.

Considerando.- Que as sentenzas 148/2016, 85/2021 e 9/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas 113/2012, 220/2017, 193/2021, 76/2022 e 277/2023, ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, e as sentenzas 213/2012, 197/2022 e 65/2023 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos de Pontevedra, e todas sobre supostos con identidade de razón (caída de árbores na estrada), eximiron de toda responsabilidade a esta Deputación.

Así, a Sentenza 85/2021, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra establece o seguinte:

(...) No consta que el árbol hubiese permanecido un prolongado período de tiempo sobre la calzada. En cuanto la Diputación recibió el primer aviso, procedió en poco tiempo a señalizar y limpiar la calzada.



Con la prueba practicada el actor no ha conseguido demostrar que la Diputación provincial haya incurrido en un defectuoso funcionamiento de su servicio público de conservación de la carretera en adecuadas condiciones de seguridad.

El siniestro se produjo o bien por la culpa exclusiva de un tercero (propietarios de la finca colindante que no mantuvieron adecuadamente sus árboles), o bien por causa de fuerza mayor (temporal de lluvia y viento). Pero no por culpa de la Diputación provincial”.

Do mesmo xeito, a Sentenza 197/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o que sigue:

Entiendo que este es uno de esos casos paradigmáticos en que lamentablemente para el reclamante no es posible reconocer que la administración por el mero hecho de ser la titular de la vía y estar obligada a mantenerla en buen estado de conservación vigilando que sirva a su fin de forma segura, pueda declararse responsable en los términos pretendidos porque no se ha conseguido demostrar que tal administración, y su servicio competente, hubiera descuidado, en su comportamiento a la hora de vigilar el tramo, lo que serían sus obligaciones “razonables”, incumpliendo con ello con lo que se viene llamando estándares razonables de actuación que cabría exigirle (...) Estamos ante la presencia de un árbol que estaba plantado, además, en una zona privada.

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que a última revisión rutineira da vía antes de producirse o accidente realizouse O DÍA ANTERIOR, sen que fora detectada ningunha incidencia.

Considerando.- Que consta no expediente ficha catastral remitida polo Servizo de Infraestruturas, correspondente á parcela de propiedade particular lindeira coa estrada da que procedía a árbore, así como a súa titularidade, polo que ó abeiro do artigo 1.902 e 1908.3º do Código Civil, podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle ós seus propietarios a hipotética responsabilidade no eido da xurisdición civil:

Artigo 1902 C. C. : “El que por acción u omisión causa daño a otro, interviniendo culpa o negligencia, está obligado a reparar el daño causado”.

Artigo 1908. 3º do C. C. : “Igualmente responderán los propietarios de los daños causados:

3º. Por la caída de árboles colocados en sitios de tránsito, cuando no sea ocasionada por fuerza mayor”.

Considerando.- Que o artigo 38.5 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, recolle o seguinte:

Las personas propietarias de los terrenos, construcciones, establecimientos, instalaciones u otros bienes situados en las zonas de protección de las carreteras (...) están obligadas a conservarlos en las debidas condiciones de limpieza y seguridad para que no afecten al adecuado funcionamiento del servicio público viario, y deberán ejecutar las obras y actuaciones necesarias para mantenerlos en las debidas condiciones. Serán responsables de los daños y perjuicios causados por el incumplimiento de esta obligación.



Considerando.- Que a carencia de lexitimación pasiva desta Deputación conduce á inadmisión da reclamación, baseada no artigo 88.5 da Lei 39/2015; así e todo, o ente provincial ten por norma e costume non deixar de instruír e informar o procedemento, para darlle así ó interesado reclamante un acto desestimatorio fundamentado fronte ó que poida recorrer para garantir así o principio que proscribe a indefensión de quen se ubica ante a Administración en defensa dun dereito ou interese.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a solicitude de indemnización, sen prexuízo da desestimación respecto da reclamación, de entrarse a ela na Xurisdición Contencioso-administrativa.

25.35260.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE VIGO (EXPTE.2025015996)

Dada conta que con data 14/03/2025 (núm. rex. 2025004072) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Gerardo Acosta Padín en representación de D. Felipe Álvarez Álvarez, por danos en vehículo producidos a consecuencia da irrupción dun xabaril na estrada PO-552 Vigo-Tui, o día 24/01/2025, e que cuantificou economicamente en 849,34 €.

Resultando.- Que con data 24/03/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento y Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 25/04/2025, co seguinte contido literal:

A localización indicada atópase nunha estrada de titularidade autonómica (PO-552), e fóra da zona de afección das estradas provinciais, polo que o organismo competente é a Xunta de Galicia (AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS).

M.^a Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequer a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.



Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque podrá resolver la inadmisión de las solicitudes (...) manifiestamente carentes de fundamento”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

26.35261.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS MATERIAIS NO CONCELLO DE TOMIÑO (EXPTE. 2023070519)

Dada conta que con data de rexistro 17/11/2023 (rex. núm. WEB2023063719) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. José Manuel Fernández Arévalo en representación de D.^a M.^a Estrella Vicente Fernández, por danos na súa vivenda, sita no número 33 de Vilar, no Concello de Tomiño, producidos, segundo manifesta, a consecuencia da construción en maio de 2023 dun badén na estrada provincial E.P. 3102, producíndose ó paso de autobuses e camións fortes vibracións que orixinan a aparición de gretas, sendo cuantificada economicamente en 3.221,80 €.

Resultando.- Que con data 15/02/2024, requiriuse ó interesado para que, de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación cos artigos 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, subsanara a instancia acreditando a representación de D.^a M.^a Estrella Vicente Fernández e aportando certificación feita pola aseguradora do fogar, na que deixara constancia de que a súa asegurada non foi indemnizada polos danos que se reclaman.

Resultando.- Que con data 27/02/2024, aporta poder notarial a favor do letrado e solicita, ao respecto da certificación de ausencia de indemnización dos danos por parte da aseguradora do fogar, mais prazo para poder aportala, xa que a mesma foi solicitada á compañía e aínda non foi remitida.

Resultando.- Que con data 12/02/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 02/05/2024, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na EP-3102 Tomiño – Sabarís, na marxe esquerda do pq 2+450, pertencendo este vial á Rede de Estradas da Deputación Provincial.





SEGUNDO.- Non temos constancia doutras reclamacións similares das casas existentes na contorna.

TERCEIRO.- Unha vez recibido o escrito do reclamante, achegouse ata a vivenda o vixiante de estradas, verificando o estado da edificación e tomando as seguintes fotografías:



CUARTO.- Compróbase que a distancia entre o redutor de velocidade e a casa obxecto da reclamación é de 12 ml (medidos entre os dous puntos mais próximos de ambos elementos).



QUINTO.- A reclamación asevera, baseándose nunha mera opinión, sen aporte de datos obxectivos, que as gretas referidas no informe pericial se producen polas vibracións dos vehículos pesados ao sobrepasar o redutor físico de velocidade de vehículos, en adiante RFV, da estrada de titularidade provincial.

Neste informe pericial non se aportan probas nin xustificación técnica obxectiva que respalde e correlacione a existencia do redutor e as gretas, como por exemplo, un informe de medición da vibración, no que se acredite que existe tal vibración da edificación na que basea a aparición das gretas.

Tamén no informe pericial se da relevancia á existencia dunha obra de drenaxe transversal (cruce subterráneo da estrada para a evacuación de augas pluviais), como algunha das causas que poden favorecer a transmisión de gretas. Desde o punto de vista técnico deste organismo, a existencia dunha oquedade (medio físico discontinuo) mais ben absorbe as vibracións en lugar de que estas se continúen transmitindo por un medio físico continuo. De todas maneiras, non se considera que a existencia deste elemento na estrada teña algunha relevancia nin a favor nin en contra da transmisión de vibracións, ou si a tivese esta sería de moi pouca importancia.

As gretas existentes non teñen gran entidade, polo que realmente son fisuras (apertura inferior a 3 mm), e non se aprecian danos estruturais.

Existe una casuística moi ampla respecto da posible aparición de fisuras en edificacións. Entre outras, é moi habitual atopar:

- *Patoloxías xeotécnicas: Fallos nas cimentacións ou no terreo onde se localiza a edificación.*
- *Filtracións de auga procedente das choivas cara a cimentación, producindo un asentamento do terreo. Motivado en moitas ocasións por largos períodos de choiva como os sucedidos neste inverno.*

Na visita feita por persoal desta Deputación, foron observadas importantes humidades (véxase a imaxe de abaixo) na parte inferior da edificación, onde se presenta unha greta, estas humidades poden estar relacionadas cun posible asentamento da edificación que motive as gretas e fisuras alegadas.



- *Falta de adherencia entre o paramento soporte e o revestimento monocapa, este mesmo motivo pode ser o causante do descolgue da moldura do teito interior na cociña.*
- *Polo encontro de dous materiais diferentes baixo a capa do revestimento exterior, debido ás súas diferentes dilatacións – contraccións, por exemplo, entre unha lousa de formigón e unha parede de ladrillo cerámico. Tamén son comúns as fisuras ou gretas por dilatacións na unión entre elementos construtivos en ángulo, como por exemplo nas esquinas das fachadas.*
- *Unha deficiente execución da obra na aplicación do revestimento monocapa, calidades, mesturas ou materiais non adecuados que fagan dese unha capa excesivamente fráxil ou rixida.*
- *As características intrínsecas dos materiais empregados na construción (retracción de materiais como o cemento e o formigón debido á perda natural de humidade no seu proceso de curación).*

Respecto das vibracións existentes, o informe pericial aportado polo reclamante non expresa suficientemente en que método ou razón de ciencia se basea a tal fin, é dicir, sen especificar se nas súas conclusións descartaron outro tipo de circunstancias tales como a data de construción da edificación e a do seu asentamento sobre o terreo, ou unha deficiente construción.

SEXTO.- A distancia existente entre ambos elementos, edificación e redutor de velocidade (12 ml) é bastante ampla, de xeito que é bastante improbable que as vibracións que existan polo paso do tráfico sexan de tal magnitude que cheguen a facer danos directos na edificación.

A edificación se sitúa xunto a unha estrada, que é unha infraestrutura destinada ó paso de vehículos, polo que deberían terse en conta as condicións de contorna impostas pola existencia deste vial.

Segundo os datos existentes publicados no mapa de aforos de tráfico do ano 2020 este vial (EP3102) ten una IMD de vehículos pesados (Intensidade Media Diaria) moi pequena, que a clasifican no tramo de inferior categoría de tráfico.

Aínda que poidan producirse algunhas pequenas vibracións polo paso de vehículos pesados sobre o RFV, cabe indicar que estas forman parte do normal comportamento dunha estrada na que circulan vehículos.

O RFV está situado nun tramo limitado en velocidade a 30 km/h, de xeito que se os vehículos que pasan por dito redutor cumpren as regras de circulación impostas non se produce impacto ó rebasar o mesmo, debido á súa boa execución, que cumpre os parámetros establecidos na normativa específica para a instalación deste tipo de elementos nas estradas provinciais.

CONCLUSIÓN:

Non queda demostrada a relación causa-efecto entre a existencia do RFV e as fisuras observadas, dada conta que non se aporta ningún tipo resultado de proba ou ensaio técnico que faga a necesaria correlación entre o elemento da estrada e as deficiencias observadas.



Por todo o anterior, e logo que, segundo o antedito, as deficiencias descritas poden ser motivadas por múltiples circunstancias, considérase dende o Servizo Técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais que non procede estimar as pretensións do alegante.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 25/04/2024, D. José Manuel Fernández Arévalo presenta escrito xunto co que aporta informe pericial ampliatorio do que xa obra no expediente, que recolle o aumento dos danos e cuantifica os mesmos en 5.071,80 €.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión do informe técnico e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polo seguinte:

- Non hai constancia doutras reclamacións similares das casas existentes na contorna.
- A distancia entre o redutor de velocidade e a casa obxecto da reclamación é de 12 ml.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, a reclamación basease nunha mera opinión, sen aporte de datos obxectivos, ó sinalar que gretas referidas no informe pericial se producen polas vibracións dos vehículos pesados ao sobrepasar o redutor físico de velocidade de vehículos da estrada de titularidade provincial.
- No informe pericial non se aportan probas nin xustificación técnica obxectiva que respalde e correlacione a existencia do redutor e as gretas, como por exemplo, un informe de medición da vibración, no que se acredite que existe tal vibración da edificación na que basea a aparición das gretas.
- No informe pericial se da relevancia á existencia dunha obra de drenaxe transversal como algunha das causas que poden favorecer a transmisión de gretas, cando desde o punto de vista técnico deste organismo, a existencia dunha oquedade absorbe as vibracións.



- Non se considera que a existencia deste elemento na estrada teña algunha relevancia nin a favor nin en contra da transmisión de vibracións, ou si a tivese esta sería de moi pouca importancia.
- As gretas existentes non teñen gran entidade, polo que realmente son fisuras (apertura inferior a 3 mm).
- Non se aprecian danos estruturais.
- Na visita feita por persoal desta Deputación, foron observadas importantes humidades na parte inferior da edificación, onde se presenta unha greta; estas humidades poden estar relacionadas cun posible asentamento da edificación que motive as gretas e fisuras alegadas.
- O informe pericial aportado polo reclamante non expresa suficientemente en que método ou razón de ciencia se basea a tal fin, é dicir, non especifica se nas súas conclusións descartaron outro tipo de circunstancias tales como a data de construción da edificación e a do seu asentamento sobre o terreo, ou unha deficiente construción.
- A citada distancia de 12 metros lineais existente entre ambos elementos -edificación e redutor de velocidade- é ampla, de xeito que resulta bastante improbable que as vibracións que existan polo paso do tráfico sexan de tal magnitude que cheguen a facer danos directos na edificación.
- A edificación sitúase xunto a unha estrada, que é unha infraestrutura destinada ó paso de vehículos, polo que deberían terse en conta as condicións de contorna impostas pola existencia deste vial.
- O citado vial ten una Intensidade Media Diaria de vehículos pesados moi pequena, que a clasifican no tramo de inferior categoría de tráfico.
- Aínda que poidan producirse algunhas pequenas vibracións polo paso de vehículos pesados sobre o RFV, cabe indicar que estas forman parte do normal comportamento dunha estrada na que circulan vehículos.
- O RFV está situado nun tramo limitado en velocidade a 30 km/h, de xeito que se os vehículos cumpren as normas de circulación impostas non se produce impacto ó rebasar o redutor, debido á súa boa execución, que cumpre os parámetros establecidos na normativa específica para a instalación deste tipo de elementos nas estradas provinciais.
- Non queda demostrada a relación causa-efecto entre a existencia do RFV e as fisuras observadas, dada conta que non se aporta ningún tipo resultado de proba ou ensaio técnico que faga a necesaria correlación entre o elemento da estrada e as deficiencias observadas.
- Por todo o exposto, as deficiencias descritas poden ser motivadas por múltiples circunstancias.



- Non houbo mais reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que a forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detentación material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que as Administracións Públicas están lexitimadas para a instalación de badéns, cuxa natureza e obxecto é a protección da seguridade viaria, obrigando deste xeito ós condutores a unha redución da velocidade, principalmente nas zonas urbanas, para evitar deste xeito a sinistralidade e ó mesmo tempo protexer a peóns e condutores de posibles accidentes.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, os Xulgados do contencioso-administrativo de Pontevedra desestimaron os recursos presentados. Así, a Sentenza 313/09 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, deixou dito que:

“...la distancia de las obras a la vivienda, la naturaleza de las obras y su ejecución y la ausencia de otras reclamaciones desde luego las mismas no pueden acreditar por sí solas dicha conexión entre las obras ejecutadas y los daños causados, más aun constando certificación acordada como diligencia final de la ausencia de otras reclamaciones acredita ese extremo y vista la documental obrante en el expediente en la que se evidencia la existencia de viviendas al menos dos en el mismo lugar que la del actor (...), no se comprende como los daños aparecen en la vivienda del actor y no sin embargo en esa vivienda...”

Na mesma liña argumental, as seguintes sentenzas:

Do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Pontevedra, a Sentenza 167/08:

“La causa de las grietas aparece descrita en términos muy genéricos sin especificar las características del terreno y los medios materiales e instrumentos empleados en la ejecución (...) sin la suficiente minuciosidad para hacer surgir la responsabilidad patrimonial de la Diputación Provincial pretendida en la demanda”

Do Xulgado do Contencioso Administrativo nº3 de Pontevedra, as seguintes sentenzas:

- Sentenza 150/08:

“A pesar de los esfuerzos probatorios desarrollados en vía administrativa y en esta judicial por la parte actora, no se ha acreditado suficientemente no ya el nexo de causalidad exigible entre el daño que se reclama y el funcionamiento de un servicio público sino la propia responsabilidad de la Diputación Provincial en la causación de los desperfectos que sufre la vivienda (...)”

- Sentenza 41/13:

“Tampoco ha resultado suficientemente concluyente la prueba practicada por la parte actora a la hora de demostrar que la Diputación, en su condición de Administración titular de la vía y por tanto, encargada de su correcta señalización y conservación, hayan desatendido tales funciones (...) El informe pericial que el reclamante aportó ya en vía



administrativa, no sólo no fue debidamente ratificado en sala, a presencia judicial, sino que además hay que decir que realiza afirmaciones de “cierta vaguedad”, poco concretas al respecto del método de ciencia empleado por el técnico informante para llegar a la conclusión de que son las vibraciones producidas en las inmediaciones de la carretera (...) las que han ocasionado grietas en el interior de la vivienda (...) sin expresar suficientemente en qué método o razón de ciencia se apoya a tal fin, es decir, sin especificar si en sus conclusiones ha descartado otro tipo de circunstancias tales como la fecha de construcción del edificio y la de su consiguiente asentamiento sobre el terreno, o una deficiente construcción”.

- Sentenza 176/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1:

“De la valoración conjunta de la prueba practicada se concluye la desestimación del recurso (...) El actor no ha seguido demostrar mínimamente la existencia de una relación de causalidad entre el defecto de la carretera provincial y los desperfectos en la vivienda”.

- Sentenza 26/2021 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2:

“Teniendo en cuenta la prueba practicada, y tal y como se concluyó por la perito judicial, resulta difícil atribuir los daños que se observan en la vivienda de la demandante a la causa que ella indica, (...) Así, pese a lo que se alega en la demanda y los indicado por el perito D. Rubén (...) no queda evidenciado que hubiese una evolución o agravamiento del estado de las fisuras detectadas, que pudiera fundar la existencia de afectación del inmueble por la colocación del elemento reductor de velocidad en la vía (...) la perito judicial, cuya imparcialidad no se discute, llega a la misma conclusión (...) Por lo tanto, y sin perjuicio de que no se duda que puedan existir en efecto vibraciones por la reacción de los vehículos ante el badén colocado enfrente de la vivienda, no puede considerarse probado que los daños que se aprecian en los informes técnicos emitidos puedan deberse a tales vibraciones, o que éstas tengan entidad para originarlos, por lo que el recurso contencioso-administrativo ha de ser desestimado”.

Abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de custas pola temeridade na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que non achegou a reclamante a certificación feita pola aseguradora do fogar que lle foi requirida, que probaría que a súa asegurada non foi indemnizada por estes danos, non quedando deste xeito acreditado que os estes non tiveran sido indemnizados, polo que, de interpoñerse recurso contencioso administrativo contra o presente acordo, sería invocada dita causa de inadmisión na vía xudicial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumpimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación



27.35262.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE POIO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA EP 0601 PORTOSANTO - CAMPELO - PO-308, DENDE O P.Q. 2+410 ATA O P.Q. 3+510. CONCELLO DE POIO”(EXPTE.2022016762)

Antecedentes.

1.Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-0601 Portosanto-Campelo-PO-308.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “*Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 0601 Portosanto - Campelo - PO-308, dende o P.Q. 2+410 ata o P.Q. 3+510. Concello de Poio*”, no termo municipal de Poio.

A actuación consiste na mellora e acondicionamento da estrada dende o p.q 2+410 ata a intersección coa estrada PO-308, levando a cabo unha serie de medidas encamiñadas na mellora da seguridade viaria, destacando como principal actuación o deseño dun itinerario peonil accesible.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	1.512.121,92 €
IVE 21%	317.545,50 €
Presuposto base de licitación con IVE	1.829.667,52 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificado da xunta de goberno local co código de validación: CRRDHSG264ES4A5WYPMRMTM97 onde o Concello de Poio presta a súa aprobación ao borrador



3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais. Constan no expediente:

- Proxecto supervisado pola Xefatura dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais data 26/02/2025 co CSV: 0Z4QK9IVD98O676W e informe de supervisión data 22/04/2025 e CSV: PVJGZOC0AVD2EHTU.
- Texto borrador Convenio CSV: WV2PHGICZJLQ5GT1.
- Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 22/04/2025 co (CSV: PA7618BBVP0D0UFH).
- Informe de do grado de prioridade da actuación dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais data 22/04/2025 e CSV: PD9T3O2VIUQPUI9.
- Informe de Secretaría Xeral data 06/05/2025 CSV: 10I31XCWE8WBR3HO.
- Informe Intervención data 20/05/2025 e CSV: R7L4NS7KE9IY89I9.

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.



O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Poio mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.463.734,02 €	80
Concello de Poio	365.933,50 €	20
Total obras	1.829.667,52 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Poio:

Organismo	Achega	%
Concello de Poio	72.409,97 €	100
Total expropiacións	72.409,97 €	100

A achega do Concello de Poio será de 438.343,47 € (20 % do orzamento das obras máis o 100% do importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.



De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan +Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Poio.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impoñan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.



Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Poio co CSV: WV2PHGICZJLQ5GT1 e o seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE POIO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E SENDA PEONIL NA EP 0601 PORTOSANTO - CAMPELO - PO-308, DENDE O P.Q. 2+410 ATA O P.Q. 3+510. CONCELLO DE POIO”.

INTERVENEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Ángel Moldes Martínez, alcalde do Concello de Poio, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romy, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes reconécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como



repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar os seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0601 Portosanto - Campelo - PO-308, que transcorre polo concello de Poio. Está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.

VI.- A E.P. 0601 é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo da estrada atopamos unha estrada con sección de plataforma irregular, sen beiravías, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 0601 Portosanto - Campelo - PO-308, dende o P.Q. 2+410 ata o P.Q. 3+510. Concello de Poio" coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Poio, actuando no treito comprendido entre o P.Q. 2+410 e o P.Q. 3+510 da EP 0601 Portosanto - Campelo - PO-308, co fin de mellorar a seguranza viaria dunha estrada de carácter rururbano que na actualidade conta cun ancho medio de cinco metros, ten curvas pechadas e perigosas, estreitamentos puntuais e carece de beiravías ou sobreanchos destinados a mellorar a seguranza viaria tanto para os vehículos como para os peóns que queiran utilizar as beiravías da estrada.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio para a execución do proxecto de "Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 0601 Portosanto - Campelo - PO-308, dende o P.Q. 2+410 ata o P.Q. 3+510. Concello de Poio".

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de largo na marxe dereita da estrada e a implantación dunha zona de convivencia no P.Q. 3+350 onde non é posible acadar o largo mínimo de 2,50 m. Ademais, contempla a execución de muros de sostemento da estrada, a creación de prazas de estacionamento, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais, a renovación da iluminación pública e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a un millón cincocentos doce mil cento vinte e un euros con noventa e dous céntimos (1.512.121,92 €), máis trescentos dezasete mil cincocentos corenta e cinco euros con cincuenta céntimos (317.545,50 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de un millón oitocentos vinte e nove mil seiscientos sesenta e sete euros con cincuenta e dous céntimos (1.829.667,52 €). A maiores resulta necesario realizar un procedemento de expropiación por importe de setenta e dous mil catrocentos nove euros con noventa e sete céntimos (72.409,97 €).



Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiados na súa integridade pola Deputación de Pontevedra mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.463.734,02 €	80
Concello de Poio	365.933,50 €	20
TOTAL OBRAS	1.829.667,52 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Poio:

Organismo	Achega	%
Concello de Poio	72.409,97 €	100
TOTAL EXPROPLACIÓNS	72.409,97 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

A achega do Concello de Poio será de 438.343,47 € (20 % do orzamento das obras máis o 100% do importe resultante das expropiacións), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello. De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan +Provincia, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Poio.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recunamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello de Poio.

O Concello de Poio obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*



- 3) *Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia o apartado 2 desta cláusula.*
- 4) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- 5) *Abonar o importe das expropiacións derivadas do presente convenio, incluídos os posibles incrementos de custo que se produzan nas mesmas durante a tramitación do expediente expropiatorio.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP 0601 Portosanto - Campelo - PO-308, dende o P.Q. 2+410 ata o P.Q. 3+510. Concello de Poio”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas.

O Concello de Poio faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2026.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.



Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local – Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento.*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
Luis López Diéguez*

*Polo Concello de Poio,
Ángel Moldes Martínez*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay*

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

28.35263.- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2025 (Nº 20.35108) RELATIVO A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUNHA PLATAFORMA MUSEOGRÁFICA VIRTUAL PARA A POSTA EN VALOR COMO RECURSO TURÍSTICO DA RAPA DAS BESTAS NO MARCO DO PRTR COMPONENTE 14, PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO. (EXPTE.2024017414)

Mediante acordo da Xunta de Goberno número 20.35108 de data 21 de abril de 2025, acordouse a adxudicación do expediente para contratación, mediante procedemento aberto Servizo de implantación e mantemento dunha plataforma museográfica virtual para a posta en valor como recurso turístico da rapa das bestas no marco do PRTR componente 14. Plan de sostenibilidade turística en destino”, á empresa LUX EXPERIENCE S.L.(B05485081).



Resultando que en dito acordo advertiuse un erro na Forma de pagamento, nos importes da Fase 2. Soporte e mantemento, que ao sinalar os importes totais puxéronse co IVE engadido.

Asimesmo, é necesario facer un redondeo de un céntimo, no importe de dúas anualidades.

Considerando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, da cordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta o Ilmo Presidente para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Rectificar o citado acordo número 20.35108 de data 21 de abril de 2025 da Xunta de Goberno no seguinte senso:

ONDE DI:

“Forma de pagamento:

Fase 2: soporte e mantemento

<i>Descrición</i>	<i>Importe sen IVE</i>
<i>Servicio de soporte e mantemento 1ª anualidade</i>	<i>Gratuito</i>
<i>Servicio de soporte e mantemento 2ª anualidade</i>	3.207,19€
<i>Servicio de soporte e mantemento 3ª anualidade</i>	3.207,19€

DEBE DICIR:

“ Fase 2: soporte e mantemento

<i>Descrición</i>	<i>Importe sen IVE</i>
<i>Servicio de soporte e mantemento 1ª anualidade</i>	<i>Gratuito</i>
<i>Servicio de soporte e mantemento 2ª anualidade</i>	2.650,58€
<i>Servicio de soporte e mantemento 3ª anualidade</i>	2.650,57€



ONDE DI:

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse conforme a distribución que se realice na data de formalización do contrato e conforme ao seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025 Implantación	25/433.4324.642.00.24 investimentos inmateriais (92210004 - 92210004 -DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (NEXT GENERATION UE)	88.937,22€
2025 Implantación	25/433.4324.658.02.24 investimentos en entidades sen fins de lucro (92210004 - 92210004 -DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (NEXT GENERATION UE)	38.112,77€
2026 Mantemento (12 meses)	Non ten coste asociado	0,00€
2027 Mantemento (12 meses)	27/433.4324.227.99 traballos realizados outras empresas (92210004 - 92210004 -DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (NEXT GENERATION UE)	3.207,19€
2028 Mantemento (12 meses)	28/433.4324.227.99 traballos realizados outras empresas (92210004 - 92210004 -DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (NEXT GENERATION UE)	3.207,19€

DEBE DICIR:

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse conforme a distribución que se realice na data de formalización do contrato e conforme ao seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025 Implantación	25/433.4324.642.00.24 investimentos inmateriais (92210004 - 92210004 -DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (NEXT GENERATION UE)	88.937,22€
2025 Implantación	25/433.4324.658.02.24 investimentos en entidades sen fins de lucro (92210004 - 92210004 -DEZA TABELRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (NEXT GENERATION UE)	38.112,78€
2026 Mantemento (12 meses)	Non ten coste asociado	0,00€



2027 Mantemento (12 meses)	27/433.4324.227.99 traballos realizados outras empresas (92210004 - 92210004 -DEZA TABEIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (NEXT GENERATION UE)	3.207,20€
2028 Mantemento (12 meses)	28/433.4324.227.99 traballos realizados outras empresas (92210004 - 92210004 -DEZA TABEIRÓS, OS CAMIÑOS POR DENTRO 2022-24 (NEXT GENERATION UE)	3.207,19€

29.35264.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

30.35265.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

31.35266.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

